

Pregunta 1: Funcións dunha lingua

A función básica dunha lingua é a de servir como medio de comunicación entre os membros dunha comunidade.

Dependendo do ámbito do uso dunha lingua, a función comunicativa concrétase noutras máis específicas:

- *Función de identidade*: refírese á articulación do pensamento do individuo.
- *Función familiar*: permite a relación entre os individuos dunha familia.
- *Función laboral*: posibilita a comunicación no mundo do traballo.
- *Función local*: favorece os contactos entre persoas do mesmo contorno, como amigos, compañeiros, etc.
- *Función institucional*: propicia a comunicación entre o cidadán e os estamentos políticos, administrativos, etc.
- *Función cultural*: serve como medio para expresar e recibir os saberes das ciencias, das artes e da cultura en xeral.
- *Función internacional*: utilizada como medio de comunicación entre locutores de diferentes países e/ou de diferentes culturas.

Pregunta 7: Causas do multilingüismo:

Hai causas lingüísticas, como a fragmentación das linguas (caso do latín, que derivou nas diferentes linguas románicas) e causas extralingüísticas, como os movementos migratorios e as invasións.